

**SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.**

No Concello de Láncara, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte e nove de maio de dous mil nove, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde, D. Celestino Rodríguez González, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Eladio Capón López, D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballero López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Dario A. Piñeiro López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dáse conta dos seguintes asuntos:

**1º.-RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA DE 27 A 29 DE MAIO.**

**2º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2009.**

**3º.-DECRETOS:**

**-Nº 48 SOBRE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS .**

**-Nº 74, SOBRE INCREMENTO DE XORNADA DE TRABALLO A LUCIA GUNDIAN LOPEZ.**

**4º.-RATIFICACIÓN DA ORDE DO 1 DE ABRIL DE 2009, POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2009.**

**5º.-ESCRITO DE VECIÑOS DE POBRA DE SAN XIAO, SOBRE SOTERRAMENTO DA LÍNEA ELÉCTRICA DENDE VALDRIZ Ó CAMPO DA FEIRA.**

**6º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL:**

**-ESCRITO DE MANUEL LEIRADO LÓPEZ.**

**-ESCRITO DE MARINA LÓPEZ CELA, JOSÉ LUIS LÓPEZ ARMADA E JOSÉ MANUEL LÓPEZ PALLARES.**

**-ESCRITO DE MARIA ANGELES CALDEIRO LOPEZ.**

**7º.- RECOÑECIMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2008, A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2009.**

**8º.-SECRETARIA XULGADO DE PAZ, GRATIFICACIÓN (COMPATIBILIDADE CON PENSIÓN DE XUBILACIÓN).**

**9°.-RELACIÓN DE FINCAS INSCRITAS NO REXISTRO DA PROPIEDADE A NOME DO CONCELLO (DESCRIPCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL).**

**10°.-ESCRITO DE D<sup>a</sup> LUZ DIVINA LOPEZ LOPEZ, SOBRE ESTADO E PERIGO DOS CHOPOS QUE AFECTAN O INMUEBLES DO QUE E USUFRUTUARIA EN TOLDAOS.**

**11°.-CEMENTERIO MUNICIPAL DAR CONTA DA SUBVENCIÓN.**

**12°.-ESPEDIENTE DE ADAPTACIÓN A LOUGA DO PLAN PARCIAL NO ÁMBITO DAS ETAPAS 2°,3° E 4° DA ACTUACIÓN URBANÍSTICA INDUSTRIAL MORELLE 2ª FASE DE SARRIA –LUGO.**

**13°.-INFORME MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL MARINO SOBRE APROVEITAMENTE DE AGUA PARA ABASTECIMIENTO DOS NUCLEOS DE MOURILLON E TOUBILLE.**

**14°.-ESCRITO DE D. MIGUEL DIAZ BESTEIRO, SOBRE RECOÑECEMENTO DE TRIENIO.**

**15°.-MOCIÓNS:**

**-DO PSOE, PARA QUE AS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS QUEDEN EXENTAS DE PAGO DE TASAS MUNCIPAIS POR LICENZA DE OBRAS.**

**- DO P.P., SOBRE ARRANXO DA ESTRADA DE POBRA DE SAN XIAO A SAN XUAN DE MURO.**

**16°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1°.-RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA DE 27 A 29 DE MAIO.**

Visto que a data para celebrar o Pleno Ordinario era o día 27.

Por parte do Sr. Alcalde pónese de manifesto que ó coincidir a sesión coa final da liga de campeos, e habendo Concelleiros que querían ver esta final cambiouse o día, e o día seguinte era a final das escolas deportivas de Láncara, sendo este o motivo para convocala para o día 29, pero dita sesión ten carácter de ordinaria.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDO:**

Declarar a sesión Plenaria do día 29-05-09 de carácter ordinario, substituído de data 27.

**2°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2009.**

Visto o borrador da Acta da Sesión celebrada o día once de maio de dous mil nove, éste foi aprobado por unanimidade (11 de 11).

### **3º.-DECRETOS:**

#### **-Nº 48 SOBRE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS .**

Visto o decreto no 48 sobre incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2008, para o actual exercicio , por importe total de 339.658,44 €

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Darse por enterado do contido de dito decreto, ratificando o mesmo.

#### **4º.-RATIFICACIÓN DA ORDE DO 1 DE ABRIL DE 2009, POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2009.**

Vista a orden epigrafiada.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día vinte e catro de abril de dous mil nove.

E visto que a propia orde esixe que o Pleno ratifique estes acordos.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Ratificar en todo o seu contido o acordo tomado pola Xunta de Goberno.

#### **5º.-ESCRITO DE VECIÑOS DE POBRA DE SAN XIAO, SOBRE SOTERRAMENTO DA LINEA ELÉCTRICA DENDE VALDRIZ Ó CAMPO DA FEIRA.**

Visto o escrito presentado polos veciños de Pobra de San Xiao para soterrar a línea eléctrica que cruza dende a central eléctrica situada na planta xunto o Rio Neira no lugar denominado “Valdriz “e cruza ata o Campo da Feira.

Visto que se trata dun proxecto onde estan afectadas varias partes : empresa suministradora, Consellería de Industria e particulares.

Visto que esta obra ten un custo elevado e é necesario ver a financiación da mesma.

Visto que para facer esta obra é necesario e imprescindible a disponibilidad de terreos, por onde sexa viable e posible, polo que a empresa suministradora debería recoller nun anteproxecto o soterrado desta linea.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Dar traslado deste acordo xunto coa copia da solicitude dos afectados a empresa suministradora para que faga un estudio sobre a viabilidade do soterramento e presente plano do seu trazado. Estudie a posibilidade de que esta obra sexa incluída en algun programa subvencionado pola Consellería de Industria ou outro organismo similar.

2º.-Dar traslado deste acordo xunto coa copia da solicitude dos afectados a Consellería de Industria, ó obxecto de que estudie a posibilidade de incluír esta obra en algún programa para financiar a mesma .

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **6º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL:**

#### **-ESCRITO DE MANUEL LEIRADO LÓPEZ.**

**-ESCRITO DE MARINA LÓPEZ CELA, JOSÉ LUIS LÓPEZ ARMADA E JOSÉ MANUEL LÓPEZ PALLARES.**

**-ESCRITO DE MARIA ANGELES CALDEIRO LOPEZ.**

Vistos os escritos presentados por D. Manuel Leirado López , solicitando delimitación do núcleo rural de Carracedo; D<sup>a</sup> Marina López Cela, D. José Luis López Armada e José Manuel López Pallares, solicitando ampliación de zona de expansión das parcelas N<sup>o</sup> 2292, 2143 e 376 do polígono 12. e D<sup>a</sup> Maria Angeles Caldeiro López, solicitando ampliación da parcela 2281, del polígono 12.

Visto que ditas alegacions posiblemente esten fora de prazo.

Visto que neste intre debido á situación en que se encontra a tramitación do plan xeral non é viable a delimitación de núcleos.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1<sup>o</sup>.-Dar traslado desta documentación a empresa encargada dos traballos de redacción do plan xeral, ó obxecto de que se emita o antes posible informe ó respecto.

2<sup>o</sup>.- Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**7<sup>o</sup>.- RECOÑECIMIENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EJERCICIO 2008 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2009.**

Vista a relación de facturas correspondente ó exercicio 2008, pendentes de pago:  
Jesús Somoza Pardo, Mecanizados Somoza, NIF: 76616303-Z, fac. n<sup>o</sup> 097/08, reparación camión lixo ..... 794,60  
Canteras de Muro S.L., CIF:B27100973, ma. Obradoiro Emprego ... 169,59  
Dunid S.L.,NIF:B27111715,fac. N<sup>o</sup> 2356, traba. Inf. Concello ..... 68,90  
Logonoa, C.B., CIF:E-27372234,fac. n<sup>o</sup> 22, diversas comidas ..... 603,20  
Canteras de Muro S.L., CIF:B27100973,fac. n<sup>o</sup> 1887, mat. Toirán ..... 32,34  
Canteras de Muro S.L., CIF:B27100973,fac.n<sup>o</sup> 1426, mat. C. Feira1.012,73  
**Total..... 2.681,36**

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1<sup>o</sup>.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial, por importe de 2.681,36.€ ,con cargo ó presuposto do exercicio 2009.

2<sup>o</sup>.-Pagar estes gastos de forma preferente con cargo ó presuposto do exercicio 2009.

**8<sup>o</sup>.-SECRETARIA XULGADO DE PAZ, GRATIFICACIÓN (COMPATIBILIDADE CON PENSIÓN DE XUBILACIÓN).**

Visto o escrito presentado por D. Jesús Arias López, que viña realizando as tarefas de Secretario do Xulgado de Paz.

Visto que con data 15-04-2009 cumpriu a idade de xubilación.

Visto que este Concello lle daba unha gratificación mensual de 479,77 €

Visto que se debe comunicar á Dirección Provincial do Ministerio de Traballo, Organismo que lle reconeceu e paga de xubilación, ó obxecto de que estudie a viabilidade do complemento de mínimos

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Seguir dandolle a partir desta data unha gratificación mensual de 479,77 € para facer os traballos do Xulgado de Paz colaborando en labores administrativas do Concello.

2º.-Dar traslado deste acordo á Dirección Provincial do Ministerio de Traballo, e ó propio interesado.

### **9º.-RELACIÓN DE FINCAS INSCRITAS NO REXISTRO DA PROPIEDAD A NOME DO CONCELLO (DESCRIPCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL).**

#### **a) Fincas hipotecadas a favor do Concello:**

Visto que sobre as fincas que figuran a nome de D. Manuel Bande Ulloa , hai un dereito hipotecario a favor deste Concello. Hipoceta que se realizou no século pasado .

Visto que o herdeiro da persoa que hipotecou as fincas a faavor do Concello, presentou escrito para facerse cargo do pago das hipostecas.

Visto que as cantidades de garantía sobre as catro fincas ascenden a 62,98 €

Aberto o debate ó considerar que se trata dunha debeda de fai moito tempo e de escasa cuantía, proponse que non se cobre.

Por parte do Secretario informase que os dereitos económicos que o Concello ten fronte a terceiros só se poden condonar por motivos xustificadas, haber prestito a acción ou similares situacións, xa que en caso contrario os que aproben estas condonacións poden responder pecuniariamente por esta condonación .

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Liberar das cargas as catro fincas titularidade de D. Manuel Bande Ulloa, sin que se faga efectiva o pago de cantidade algunha ó entender que estan prescritas.

2º.-Dar traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade de Sarria, para que de debaixo as cargas sobre as fincas Nº 3412; 3413; 3414 e 3415 e ós herdeiros de Manuel Bande Ulloa.

2º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

#### **b) Fincas sobre as que existen dubidas.**

Finca Nº 4617 de 2 Ha 16 a e 22 ca.

Visto que esta finca figura a nome do Concello pero puido ser obxeto dunha permuta cando se fixeron os antigos colexios de Pobra de San Xiao.

Visto que no Concello no existe documentación acreditativa deste feito.

Visto que actualmente a finca figura a nome de D. Bautista López López

O Pleno por unanimidade,

ACORODU:

1º.-Deixar este asunto sobre a mesa.

2º.-Solicitarlle a D. Bautista López López, para que aporte documentación sobre esta permuta ou data aproximada, ó obxeto de buscalo no libro de actas.

Vista a finca Nº 4200 “Cha de Santa Marta “ de 25 Ha., “finca dos angares”.

Visto que esta finca no seu día foi cedida polo Ministerio do Aire ó Concello en escritura pública.

Visto que é un terreno que en calquer momento lle pode facer falta ó Concello para parque empresarial, ou calquer outra necesidade.

O Pleno por unanimidade,

ACORODU:

1º.-Deixalo como esta, é decir que o utilicen os veciños en precario.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **10º.-ESCRITO DE Dª LUZ DIVINA LOPEZ LOPEZ, SOBRE ESTADO E PERIGO DOS CHOPOS QUE AFECTAN O INMUEBLES DO QUE E USUFRUTUARIA EN TOLDAOS.**

Visto que por parte do Sr. Alcalde se informa que neste punto se absten, por ter un interes directo no asunto, xa que a persoa que o presente e a súa nai.

Visto o escrito de Dª Luz Divina López López, polo que pon de manifesto o perigo que representan os chopos existente entre a palleira da súa propiedade e o regato de Toldaos.

Vistas as fotografías aportada pola interesada.

Visto que estes valdíos poden ser do Concello, da Confederación Hidrografia ou incluso estar incorporados a finca onde se atopan as edificacións, tal como se deduce da cartografía catastral.

Visto que os chopos existentes nestes valdíos pudieron ser plantados por D. Eliseo Vázquez Fernández de Toldos Nº 7.

O Pleno despois de discutir o asunto

ACORDOU:

Nomear unha comisión , que estará formada por:

Presidente: D. Ricardo Núñez Valcárcel, 1º Teniente de Alcalde, en sustitución do Alcalde.

Vocais:

Polo PSG-PSOE Arturo Sobrado Castro.

Polo P.P. Eladio Capón López.

Polo TEGA Carlos Fernández Díaz

Polo BNG Carlos López Sierra.

Debendo acompañar esta comisión o Secretario do Concello para dar fe do acto. E os técnicos traballadores do Concello Marcos Vázquez Marey e José Angel López Pérez.

Señalar o día 9 de xuño as 12 horas, para reunirse , no lugar dos feitos, non sendo necesario nova citación para asistir este acto.

### **11º.-CEMENTERIO MUNICIPAL DAR CONTA DA SUBVENCIÓN.**

Visto o convenio regulador da subvención excepcional entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara, para urbanización e construción de zonas comúns no cemiterio municipal na Pobra de San Xiao.

Visto que a Excma. Deputación Provincial de Lugo concede unha subvención de cento vinte mil euros (120.000,00 €)

Visto que neste intre xa se encargou e se esta a redactar o proxecto técnico.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aceptar a subvención de 120.000, 00 € da Excma. Deputación Provincial de Lugo para urbanización e construción de zonas comúns no cemiterio municipal na Pobra de San Xiao e que a obra se licite o antes posible.

2º.-Remitir certificación deste acordo a Excma. Deputación Provincial de Lugo.

**12º.-ESPEDIENTE DE ADAPTACIÓN A LOUGA DO PLAN PARCIAL NO ÁMBITO DAS ETAPAS 2º,3º E 4º DA ACTUACIÓN URBANÍSTICA INDUSTRIAL MORELLE 2ª FASE DE SARRIA –LUGO.**

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local de Sarria, sobre plan de revisión e adaptación á LOUGA do plan parcial no ámbito das etapas 2ª,3ª e 4ª da actuación urbanística industrial Morelle, 2ª fase de Sarria.

Visto que este Concello non ten nada que dicir o respecto,xa que a actuación non conlinda co Término Municipal de Láncara

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Darse por enterado do plan de revisión e adaptación á LOUGA do plan parcial no ámbito das etapas 2ª,3ª e 4ª da actuación urbanística industrial Morelle, 2ª fase de Sarria, non alegando nada ó respecto.

2º.-Dar traslado deste acordo o Concello de Sarria.

**13º.-INFORME MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL MARINO SOBRE APROVEITAMENTO DE AGUA PARA ABASTECIMIENTO DOS NUCLEOS DE MOURILLON E TOUBILLE.**

Visto o informe do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural Marino, sobre aproveitamento de auga para abastecemento dos núcleos de Mourillón e Toubille.

Visto que o caudal marcado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural Marino, de ser continuo será suficiente para dar abastecementos os núcleos de Mourillón e Toubille.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

Darse por enterado do contido de dito informe.

**14º.-ESCRITO DE D. MIGUEL DIAZ BESTEIRO, SOBRE RECOÑECIMIENTO DE TRIENIO.**

Dada conta do escrito presentado por D. Miguel Díaz Besteiro, polo que solicita o recoñecemento dun trienio.

Visto o informe da Oficina Contable, departamento laboral.

Visto que si ben non é obrigatorio recoñecer este trienio, si é potestativo,xa que este foi o criterio que se seguiu con outros traballadores en anos anteriores.

O Pleno, por unanimidade

ACORDOU:

Recoñecer a D. Miguel Díaz Besteiro 1 trienio con efectos 26-05-09, tendo efectos económicos dende o 01-06-09, por un importe anual de 198,10 € incluídos os trienios nas pagas extra, a razón de 14,15 € ó mes.

#### **15º.-MOCIÓNS:**

#### **-DO PSOE, PARA QUE AS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS QUEDEN EXENTAS DE PAGO DE TASAS MUNCIPAIS POR LICENZA DE OBRAS.**

Vista a moción epigrafiada.

Polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro, voceiro do PSG-PSOE dase lectura desta moción, aclarando que a exención proposta non é sobre a taxa de obra senon do imposto.

Aberto o debate, polo Concelleiro do P.P. Andres Caballero pon de manifesto que si hai un estudio que demostre a repercusión económica.

Polo voceiro do PSG-PSOE manifestase que esta exención supón moi pouco custo para o Concello, replicandolle o Concelleiro Andres Caballero que según datos económicos que obran na sesión estará entornado os 5.000.000 de pesetas.

Todo os Concelleiros están de acordo en que todo o que sexa fomentar a incorporación a agricultura é positivo e que aqueles que vaian facer vivenda vinculada á explotación e para vivir dentro do Término Municipal debese ter en conta á hora de aplicar exención.

Por parte do Secretario informase que segundo establece o Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 25 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais nos seus artigos 100 e seguinte, e en concreto no apartado 2º do artigo 103”as exencións e bonificacións deben ser regladas, motivadas e ter en conta os requisitos establecidos na propia Lei, xa que non cabe ter en conta calquer requisito.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Deixar o asunto sobre a mesa para un mellor estudio.

2º.-Facer un estudio económico para ver a súa repercusión no apartado de ingresos do presuposto.

3º.-Facer un estudio de obxetivos.

#### **- DO P.P., SOBRE ARRANXO DA ESTRADA DE POBRA DE SAN XIAO A SAN XUAN DE MURO.**

Vista a moción epigrafiada.

Polo Concelleiro do P.P. D. Andres Caballero, explico esta moción.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que esta dacordo coa mesma e que lle consta que a Deputación xa está sobre este asunto, incluso estase traballando para facer unha especie de convenio coa empresa “Canteiras de Muro”.

Sometida a moción a votación

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a dita moción e remitila xunto coa certificación deste acordo a Excma Deputación Provincial.

#### **DECLARACIÓN DE URXENCIA.**



Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os once Concelleiros que asistiron á sesión.

### **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A CALIDADE E REGULARIDADE DO SERVIZO DE CORREOS.**

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que non foi no orden do día debido a un error administrativo.

Lida a moción polo Secretario.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación esta moción .

### **16º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS:**

-Por parte do Concelleiro do BNG D. Carlos López Sierra roga que se cree unha comisión para o arranxo e reforma da estrada de Pobra-Baralla.

Por parte do Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro respóstalle que se lle debe dar o novo goberno un prazo para ver a súa postura sobre este asunto, debese deixar pasar o verán e que se asente definitivamente o Goberno.

Manifestado o Concelleiro D. Andres Caballero que o P.P. tamen está moi interesado no arranxo desta estrada.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que el falou recentemente co Concelleiro de Ordenación do Territorio quen leva este asunto e dixolle que este tipo de estradas sería un asunto preferente para o actual goberno, polo que se lles debe dar unha marxe de tempo.

- O mesmo Concelleiro Roga que os plásticos son un problema dentro do medio rural xa que a súa imaxen é un verdadeiro escándalo ,que se debe buscar unha solución.

Responstalle o Sr. Alcalde que e un problema que non soupo resolver e tatar a anterior Xunta de Galicia, nin a anterior, e espera que se solucione este problema no futuro. Os puntos de depósito de plásticos que hai en Láncara son legais, pero chámase para que veñan recoller os plásticos, e recolleu sete ou oito e si teñen un pouco de terra xa non os recollen.

Por parte do Concelleiro do P.P. D. José Manuel Neira Castro considera necesario que os puntos de depósito de plásticos deberían ser cerrados.

#### **PREGUNTAS:**

Polo Concelleiro do **P.P. D. Eladio Capón López** pregunta ¿polas abstención de dous Concelleiros sobre factura de alumado público, que dito de paso parecenlle moi avultadas, e facturas de bacheo, etc.?. Que explique o Sr. Alcalde cales son os motivos, si era porque as facturas eran moi elevadas ou por outra razón.

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que el vai dar a súa versión , as obras de bacheo fixéronse con persoal do Concello e aglomerado en frío, o máis barato, eran totalmente necesarias, fíxose bacheo nunha porcentaxe moi alta e alugouse un camión e un pistón para bachear.

E no referente o alumeado, fíxose alumeado en Villádiga e trocaronse punto autónomos para conectalos a rede de alumeado público, puñéronse cadros e nas facturas está todo o gasto detallado, para min o gasto está totalmente xustificado, máis que xustificado, explicando con claridade as dubidas que había sobre algúns puntos de alumeado público.

Por parte do Concelleiro D. Eladio Capón López, manifesta que non está dacordo con algúns puntos de luz, sobre todo coa súa colocación e que o custo do bacheo o considera moi elevado o igual co do alumeado público.

Por parte do Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz manifesta que como acaba de decir D. Eladio Capón as facturas as considera moi elevadas estes traballos fixéronse, como se fai toda a vida, antes das eleccións, os Concelleiros do TEGA abstiveronse porque non tiveron coñecemento destas obras e non sabían onde se fixeran, nin quen as facía e que eso non é transparencia, esta foi a razón da abstención pois non saben onde esta a maioría destas obras, e esas obras deberíanse facer no verán e non uns días antes das eleccións, para poder obter uns votos con cargo os fondos do Concello de Láncara, considera que o traballo esta feito que se debe pagar, pero viuse na obriga de absterse.

Finalmente o Sr. Alcalde replica que todas as obras eran necesarias, que non se fixeron antes porque choveu e que era necesario facelas o antes posible por ser moi necesarias. Considera menos necesarios outros gastos que houbo.

Polo Concelleiro do P.P. **D. José Manuel Neira Castro** pregunta ¿sobre os gastos que lle ocasiona ó Concello a Asociación de Empresarios que está no Polifuncional?

O Sr. Alcalde respotalle que non xeneran moitos gastos, págase luz, teléfono, calefacción e algún material de oficina, esta asociación está o servizo dos empresarios de Láncara , non dependen para nada do Concello, ten unha subvención da Consellería de Traballo e recentemente fixeron unha revista donde o Concello no entrevistou para nada.

Por parte do Andresponse de manifesto que o promotor deste é o cabeza de lista e candidato a Alcaldía, polo PSG-PSOE do Páramo, nas últimas eleccións.

Por parte do concelleiro D. José Manuel Neira Castro insiste en que debería cuantificarse e saber o que lle custa o Concello esta asociación, porque si teñen unha subvención da Consellería de Traballo de máis de 30.000,00 € debería chegarlles para traballar dunha forma autónoma, durante todo o ano.

Por parte do Concelleiro D. Andres Caballero, manifesta que o partido P.P. de Láncara que representa casi a metade dos veciños de Láncara non se lle cede un local para reunións e dáselle esta asociación.

Finalmente o Sr. Alcalde manifesta que lle parece que se están confundindo as cousas xa que esta asociación esta a disposición para asesoramente de todos os veciños de Láncara..

Os componentes do P.P. critican que na última revista nos salgan as mueblerías ou outras empresas de Puebla.

O Concelleiro **D. Andres Caballero López** pregunta ¿cantos días hai para entregar os Concelleiros as actas da Xunta de Goberno Local?.

Por parte do Sr. Alcalde responstalle que como se viña facendo anteriormente se entregan cando se convoca para os Plenos, si ben o prazo legal son dez días.

Manifestando o Concelleiro D. Andres Caballero que el recibiu hoxe a de abril e que tan siquiera o convocaron para o pleno que se lle deixou a documentación no domicilio dun Concelleiro da oposición.

Polo Sr. Alcalde preguntaselle que canto entrou de Concelleiro si se lle preguntou onde se lle entregaban as notificación. Reiterando D. Andres Caballero que el ten domicilio e se debe facer neste e dentro de prazo legal.

O Sr. Alcalde manifestalle que ten toda a razón que foi un fallo admistrativo e o responsable desto é o Alcalde e que si esto non se corrixe retirara a tódolos funcionarios os complementos.

Por parte do Concelleiro **D. Andres Caballero** pregunta ¿ polo compromiso, que en plena campaña electoral, do partido PSG-PSOE que se iba instalar unha empresa de aridos, tiña interes en asentarse en Pobra de San Xiao e crear entre 20 ou 30 postos de traballo?.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE D. Arturo Sobrado manifesta que esa firma quere instalarse no polígono industrial de Láncara, e para eso ten que estar aprobado o plan xeral, polo que o plan xeral debese mandar o antes posible, xa que si se continua collendo alegacións o plan non se remata nunca e as empresas non se podera ubicar no polígono, a empresa era Canteiras de Muro e cando este o polígono instalárase nel.

Pregunta o Concelleiro **Andres Caballero** que si tivo algún problema na organización da Feira de Ano ó haber un escrito presentado polo Concelleiro do equipo de Goberno Carlos Fernández Díaz, pasando a ler integramente o escrito que obra no seu poder, que o Concelleiro de Feiras D. Carlos Fernández lle presentou o Sr. Alcalde. O Sr. Alcalde responstalle que a feira organizaron os catro Concelleiros do PSG-PSOE, que saíu perfecta e foi un éxito, puntualizando que por encima do Concelleiro de Obras, Feiras, Medio Ambiente, etc. esta o Alcalde. Replicandolle o Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz que ó Alcalde o poñen os concelleiros, insistindo novamente o Sr. Alcalde que o Alcalde mentras sea Alcalde é Alcalde e non suplanta a ningún Concelleiro.

O Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz replicalle que el presentou ese escrito porque con el non contou para nada na organización da feira, incumplindo así o acordado.

O Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz que hai obras moi urxentes xa que hai uns veciños aquí o lado que teñen dificultades co saneamento e abastecemento de auga que son os de Ariz e, esi que haber como se pode arranxer eso.

O Sr. Alcalde manifesta que de Ariza hai un proxecto e que foi falar coa Raquel a Coordinadora da Provincia e dixolle que o estudiaría próximamente. E que en próximas datas o avisará.

O Concelleiro D. Andres Caballero López pregunta una vez mías ¿Si hai pacto ou non hai pacto?.

O Sr. Alcalde manifestalle que a Alcaldía non se cede que se ten que votar no Pleno.

Polo vocerío do PSG-PSOE D. Arturo Sobrado Castro, pide que conste en acta, que os tres concelleiros do PSG-PSOE votaranlle sempre a Dario .

Replicandolle o Concelleiro Andres Caballero que si sabedes que hai un pacto marchais ou non o votais.

Para rematar por parte do Sr. Alcalde manifesta que hai un pacto moral e non legal e o pacto rompese cando ó Alcalde se lle prohibe ir ver as obras, non se lle opoia na súa xestión, etc.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e duas horas quince minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.